

Múdanse as vontades

VICENTE ARAGUAS



SEARA
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
Edicións Espiral Maior, 2011.
21,85 euros

Poéticas neste caso, que título seguindo ao poeta nacional portugués para loar/glosar o libro *Seara* (Edicións Espiral Maior, Culleredo, 2011), de Xosé Vázquez Pintor. Un volume que inclúe, e o subtítulo “(Obra Poética (1971-2011))” non engana, a produción do melidense ata o momento. Un libro que recolle once entregas dun autor rigoroso, esixente, en progreso, que soubo a partir da cuarta, virarlle o pescozo ao paxaro costumista, á ave “enxebre”, ao volátil ecoico, para forxar desde ese momento unha poesía “estrana”, desfrutadora dunha óptica propia, inserida en panorámicas autóctonas, rustidas nun prebe moi persoal aínda que en absoluto alleo a lecturas e autores (así o Neruda das Odas elementales, ou San Juan de la Cruz, tan ardentemente espido de ganga terreal como este poeta de Melide en ascensión continua).

Quero dicir que se Vázquez Pintor non tivese ultrapasado a fronteira estético/conceptual do seu terceiro libro, *O despertar tamén é noso* (1977), antes apareceran *Gándaras* (1971) e *Terra e pan* (1975), hoxe ocuparía, se tal acon-

“O libro recolle once entregas dun autor rigoroso, esixente, en progreso, que soubo a partir da cuarta, virarlle o pescozo ao paxaro costumista...”

tecese, un lugar pequeniño nas historias da literatura galega. A mais a partir de 1984, ano de publicación de *Ofidios de diario*, a cousa comeza mudar radicalmente. Ollo que con isto non quere dicir que Vázquez Pintor teña o tratamento que merece en certos manuais “ad hoc”, máis ocupados en cantar as excelencias dos amiguíños ou correligionarios (políticos ou de outras variantes, académicas, por exemplo) que en seguir un senso poético estrito. Certo que ás veces as eminencias encargadas da peñeira descoñecen os máis cativos rudimentos de poesía. Son eses que lle chaman soneto a “Penélope”, un dos meirandes poemas de todos os tempos. E aí seguen tan tranquilos.


Así e todo desexo teimar en que Vázquez Pintor aínda non ten o posto debido, gañado laboriosamente con eses once libros publicados entre 1971 e 2011. Coa cousa de que os dous últimos, *Anuncian aves* e *Os versos do zapateiro* estaban inéditos ata a aparición de tan completo volumen. Que nos falan dun poeta enteiro que soubo, no seu momento, desprenderse de todo aquel ruído ambiental que arrodeaba a poesía galega dos tempos da corrección política, onde a nosa poesía apenas se consentía outra cousa que os consabidos sota, cabalo e rei e os escritores que se afastasen deles incorrían en pecado nefando. Provocándose así unha contradictadura conceptual (e aínda, estética).

Eis a importancia do paso que darían despois xente como Xosé Vázquez Pintor, conscientes de que non abundaba coas boas intencións, nin coa limpeza idiomática (dígase de paso que o de Melide manexa un galego cinco estrelas, o que non é obviedade ningunha). Desta maneira a belixerancia poética consérvase mais desde unha ollada moito máis ampla. A que deita Xosé Vázquez Pintor, gañador do Esquíu cun libro tan serio, tan radicalmente serio como *No corazón mancado*, unha das súas mellores cartas riba desta mesa.

OS CONTOS DE SEMPRE SALTAN AO AUDIOVISUAL

OS CONTOS DO CAMIÑO I
VV.AA.
OQO / 80 euros

Con “Os contos do camiño I”, os personaxes favoritos dos álbums de OQO dan o salto á pantalla nesta serie de animación audiovisual, con música orixinal e universos plásticos distintos e innovadores. O divertido periplo da pota que trota, as dificultades dunha tartaruga para poder durmir ou as peripecias dunha familia para rescatar un gato dunha árbore son algunhas das aventuras adaptadas coa técnica de animación stop-motion. Todas elas, tras a súa emisión na tvG2, están a ser moi demandadas pola comunidade educativa. Nenos, pais e profesorado están a esixir novos materiais que incorporen a cultura audiovisual de calidade, e en galego, ás aulas. As actividades que afondan nesta alfabetización son un instrumento cun enorme potencial e grande aceptación. Ademais, o traballo ofrece unha calidade avalada por premios e candidaturas en festivais internacionais como o Brasil Stop Motion, o Festival Internacional de animación de Annecy (Francia), o Festival Zlin (República Checa), etc.



UN TALENTO XAPONÉS AGORA EN GALEGO

KIKUJIRO E SAKI
TAKESHI KITANO
Rinoceronte / 14 euros

O gran cineasta xaponés Takeshi Kitano, o Kaurismaki nipón, chega ao galego con este libro autobiográfico editado por Rinoceronte, que deu pé a unha serie de televisión. Kitano amosa o seu lado máis íntimo e próximo, ao desvelar a súa orixe. E é que no corazón maduro deste comediante e cineasta recoñecido aínda pervive o rapaz fedello que medrou no seo dunha familia humilde nos barrios baixos de Toquio. Kitano fai fincapé na importancia dos lazos familiares no Xapón da súa infancia a través da historia do seu pai, Kikujiro --un home estrito que aínda vai pola vella--, e a súa nai, Saki, unha muller intelixente, de espírito optimista e forte personalidade, que non deixa de discutir co seu marido malia vivir nunha sociedade machista como a xaponesa. Porén, a parella únese para afrontar calquera adversidade. Visto dende o prisma deste xenio do gag, as desgrazas familiares máis tristes convértense en escenas humorísticas sen precedentes, e demostra que o afán de superación o arma de ás para voar. Tradución de Mona Imai.

